

O SINDICATO VEN DE MANTER UNHA REUNIÓN DE TRABALLO COA DELEGACIÓN DO GOBERNO FROITO DA CAL CONVERTE AS SÚAS SEDES EN LUGARES SEGUROS PARA PRESTAR AXUDA A POSIBLES VÍTIMAS DE VIOLENCIA MACHISTA

AS SEDES DE UGT EN GALICIA CONVÉRTENSE EN PUNTOS VIOLETA

A presenza de UGT nas catro provincias permite crear unha extensa rede de apoio ás vítimas

Redacción.- O secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, e a secretaria de Igualdade do Sindicato, Trinidad Campos, reuníronse co delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, para acordar un protocolo de colaboración co fin de que as sedes de UGT en Galicia pasen a ser puntos violeta. Nesta xuntanza tamén participaron a xefa da Unidade de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller da Delegación, María Debén, e a responsable da Subdelegación na Coruña, Manuela Vilaboy.

Trátase de que as sedes do Sindicato sexan lugares seguros para a muller. Lugares nos que se preste apoio a posibles vítimas de violencia de xénero e nos que se atendan as demandas de información sobre como actuar e acceder aos recursos públicos dispoñibles.

UGT-Galicia considera que se trata dunha importante iniciativa para impulsar a loita contra a violencia contra as mulleres e que poñer a disposición deste fin as súas sedes é crear unha importante rede xeográfica de apoio.

O Punto Violeta é un instrumento promovido polo Ministerio de Igualdade para implicar ao conxunto da sociedade na loita contra a violencia ma-



chista e estender a información necesaria para saber como actuar ante un caso de violencia contra as mulleres. Forma parte do catálogo de medidas urxentes do Plan de Mellora e Modernización impulsado por distintos ministerios do Goberno de España e supón un cambio de enfoque nas políticas públicas de atención ás vítimas, situando a violencia machista como un problema estrutural que require da implicación do conxunto da sociedade para acabar con ela.

Nesta xuntanza, o secretario xeral de UGT-Galicia fixo fincapé en que a violencia machista segue atravesando as vidas das mulleres e supón unha

gravísima vulneración dos dereitos humanos. Insistiu en que se trata dunha realidade terrible que é preciso visibilizar, denunciar, previr e erradicar e, sempre, escoitar, crer e protexer ás mulleres afectadas e, dende UGT, con esta iniciativa, buscamos contribuír a este fin.

Pola súa banda, o delegado do Goberno agradeceu a contribución do sindicato para chegar "a todos os recunchos do territorio" e reafirmou a disposición do Goberno de seguir traballando con todos os actores sociais galegos para reforzar a rede de apoio ás mulleres vítimas de violencia machista.

UGT-GALICIA ALERTA SOBRE A SITUACIÓN DAS MULLERES, QUE SOFREN XA CASE O 60% DO DESEMPREGO NESTA COMUNIDADE, E DOS MÁIS MOZOS, ENTRE OS QUE O PARO MEDROU NUN 19,5%

HAI MARXE PARA SEGUIR CREANDO EMPREGO DE CALIDADE E RECUPERAR PODER ADQUISITIVO

O mercado laboral segue mantendo un rumbo firme e estable no relativo á creación de emprego, a pesar do complexo e inestable contexto internacional. Non obstante, hai que advertir que Galicia neste mes rexistra un peor comportamento, en relación ao resto do Estado

Redacción.- Os datos de emprego publicados este xoves confirman que o mercado laboral segue a manter un bo ritmo. Non obstante,

hai que salientar que os datos de Galicia difiren, nalgúns dos indicadores, das medias estatais. Así, mentres que en setembro o Estado rexistrou

31.500 afiliados máis á Seguridade Social e 4.900 parados menos, en Galicia o número de afiliados baixou en 7.206 e as persoas en situación

de desemprego medraron nun 3,09%. Aínda así, alcázanse os 1,1 millóns de ocupados, un máximo no mes de setembro na serie histórica.

Hai que subliñar que setembro é un mes fortemente determinado pola estacionalidade, coa volta á actividade de moitas empresas que pechan en vacacións e o fin da tempada alta de verán, polo que o número de persoas rexistradas como paradas nos servizos públicos de emprego adoita aumentar.

Ademais, a temporalidade da afiliación reduciuse en relación ao 2021, antes da reforma laboral, ao pasar en Galicia do 29,3% ao 15% actual. Aínda que no Estado segue a ser bastante máis baixa, do 12,6%. Isto demostra como a nova normativa laboral segue sendo plenamente efectiva para corrixir un dos principais problemas endémicos do noso mercado de traballo.

Se deixamos á marxe os dous exercicios excepcionais da pandemia da covid-19, atopámonos ante os mellores resultados de toda a serie histórica, o que demostra unha vez máis que os dereitos laborais impulsan a economía.

Estes datos confirman que a subida dos salarios e, de maneira especial, o importante incremento do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) non só non destrúe emprego, senón que fortalece e mellora substancialmente o comportamento do mercado de traballo.

Por iso, desde UGT reclamamos que a negociación do SMI de 2026 abórdese con determinación: debe subir con suficiencia e con rotundidade e facelo ademais con efectos netos a nivel fiscal, excluindo pluses e complementos, para garantir a súa auténtica función protectora.

Con todo, a pesar dos bos resultados, persisten retos estruturais graves. España segue rexistrando unha das taxas de paro máis altas da Unión Europea, con especial incidencia no paro de longa duración, que afecta a unha porcentaxe inaceptable de traballadores e traballadoras.

Por iso, UGT-Galicia reclama:

- Políticas públicas activas de emprego máis eficaces, centradas na empregabilidade e na reinserción das persoas desempregadas de longa

duración.

- Reforzar a protección do contrato de traballo, adecuando a lexislación española aos compromisos internacionais derivados da Carta Social Europea, que obrigan a garantir a estabilidade no emprego.

- Continuar coa senda de mellora salarial e redución da xornada laboral, como elementos indispensables para avanzar cara a un mercado laboral xusto, inclusivo e sostible.

En definitiva, os datos de setembro mostran que se progresa cando se aposta por dereitos, salarios dignos e estabilidade. Agora toca consolidar ese avance e afrontar con valentía os problemas pendentes do noso mercado de traballo.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fixeron públicos este xoves, en Galicia o desemprego subiu en 3.394 persoas con respecto ao mes anterior (3,09%), fronte á baixada rexistrada no Estado, un 0,20%, 4.846 persoas menos no desemprego. No ano rexistrouse unha contracción do desemprego, baixando en 7.907 persoas, un 6,54% menos. A mesma tendencia mantense no resto do Estado, cun descenso do 5,97%, 153.620 persoas menos no paro que hai un ano. Así, o número total de desempregados sitúase en 113.085 persoas, mínimo histórico en Galicia nun mes de setembro dende 1996.

Idades

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego seguiu a mesma tendencia que no resto de idades, aínda que máis acusada, así, subiu no mes nun 19,45%. En relación a setembro de 2024, pola contra, o desemprego baixou nun 1,70%. É dicir, en Galicia rexístrase un peor comportamento do desemprego entre os máis mozos.

Por sexos

Por sexos, no mes o desemprego sube en ambos, un 3,74% entre os homes e no caso das mulleres nun 2,66%. No ano baixou o desemprego tamén en ambos casos, o 7,27% entre os homes e o 6,03% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase de que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 59,45%

do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 67.224 mulleres, fronte a 45.861 homes.

En canto aos sectores, o desemprego no mes sube en todos. Na agricultura e gandería, nun 2,14%; na industria, nun 1,30%; nun 0,88% na construción; en servizos, nun 3,14%; e o 6,42% no colectivo de sen emprego anterior. No ano baixa en todos. Así, diminúe un 11,26% no primario; o 9,25% na industria; o 11,75% na construción; o 5,34% no sector servizos; e o 7,74% entre o colectivo de sen emprego anterior.

Territorialmente, o desemprego tamén sube en todas as provincias. O 2,88% na Coruña; 3,93% en Lugo; 4,17% en Ourense; e un 2,77% en Pontevedra. No ano a baixada foi do 6,20% na Coruña; 6,37% en Lugo; 5,38% en Ourense; e o 7,29% en Pontevedra.

Contratación

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 30,24%. Realizáronse en agosto un total de 76.770 contratos en Galicia. No mes de setembro de 2021, a porcentaxe de contratación indefinida non superaba o 8,71%. 21,53 puntos por enriba do que sucedía hai catro anos, antes de que entrase en vigor a Reforma Laboral.

Sectores

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 64,9%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 30,2%; 29,5% no primario; e na industria, do 22,2%.

En canto á taxa de cobertura por desemprego, esta sitúase no 67,02%, moi por debaixo do 82,5% do Estado, con 66.803 persoas beneficiarias. Deste total, 25.329 perciben subsidios e 657 a Renda Activa de Inserción. O número de prestacións contributivas foi de 40.817. Aínda así, a cifra de persoas que dependen de prestacións non contributivas segue a ser elevada, o que amosa as dificultades que atravesan moitas persoas desempregadas a pesar de percibir prestacións por ser estas con contías moi baixas.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.104.002 de media mensual, baixando o 0,65% no mes e aumentando un 1,67% no ano.

UGT e CCOO REXISTRAN AS MOBILIZACIÓNS POR PALESTINA

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, e o secretario xeral de CCOO, Unai Sordo, rexistraron as mobilizacións convocadas para o vindeiro 15 de outubro en denuncia do xenocidio do Estado israelí contra o pobo palestino

Pepe Álvarez pediu ás persoas traballadoras que asistan ás manifestacións, asembleas e mobilizacións que se leven a cabo nos seus centros de traballo para loitar e debater sobre o xenocidio que está a levar a cabo Israel.

O secretario xeral de UGT pediu “solidariedade cos cidadáns palestinos, que están a sufrir unha masacre e un xenocidio. Todos vemos como morren nenos e nenas, mulleres, seres humanos, de maneira indiscriminada. Israel non pode seguir vulnerando o dereito que teñen os cidadáns e cidadás de Palestina”. Ademais, remarcou a necesidade de demostrar que España non só se mobiliza, de maneira exemplar, nas rúas, senón tamén demostrando a repulsa a todos os ataques aos dereitos humanos que se están levando a cabo



desde Israel.

Álvarez lembrou que o que sucede en Palestina forma parte “dun momento de cambio no mundo. Algúns se queren pasar polo forro o dereito internacional, e só queren aplicar a lei do máis forte. Vímolos con Israel e vímolos con Putin e Rusia. Por iso, é importante que o

mundo tome consciencia que hoxe por ti e mañá por min”.

A convocatoria, que recolle paros parciais de dúas horas, entre as 10 e as 12 do mediodía, as 17h e as 19h e as 2 e as 4 da madrugada, permitirá ás persoas traballadoras ter garantías de participación sen ningún tipo de limitación.

AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS DA MESA SECTORIAL PLANTAN AO SERGAS

Redacción.- As organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial do SERGAS (UGT, CIG-Saúde, CSIF e CCOO) denuncian a actitude de bloqueo da administración sanitaria, que continúa a encher a mesa de contido baleiro e exclusivamente administrativo, sen abordar nin un só dos problemas reais que afectan ao persoal do sistema sanitario público galego.

Nun momento clave, coa preparación dos orzamentos da Xunta, o SERGAS négase a negociar o plan de ordenación de atención primaria e hospitalaria, o que fai prever que tampouco se incluírá a necesaria dotación orzamentaria para garantir cadros de persoal axeitados ás necesidades asistenciais.

As organizacións sindicais lembran que, a estas alturas do ano, o persoal de atención primaria segue sen coñecer os seus calendarios laborais para o 2026, nin hai data para a súa negociación. Ademais, o propio SERGAS incumpriu o calendario de traballo com-

prometido a principios de ano, do que apenas executou un 20%.

A esta situación engádesse que o SERGAS paralizou os cómputos de xornada en todas as xerencias por non ser quen de interpretar o acordo de xornada vixente. Esta decisión está a provocar que o persoal, tanto de atención primaria como hospitalaria, acumule unha débeda de xornada e vese abocado a recorrer aos tribunais para defender os seus dereitos.

Outra explicación sería que o Goberno de Rueda utilizou e enganou ás traballadoras e traballadores asinando un acordo de xornada moi beneficioso para o persoal do SERGAS en vésperas das eleccións autonómicas, que se encargou de publicitar para favorecer o voto a través de SMS de texto, sen ter intención real de aplicalo.

Por todo isto, UGT, CIG-Saúde,



CSIF e CCOO plantáronse ante o SERGAS e o conselleiro de Sanidade, reclamando: unha negociación real e efectiva das condicións laborais; o recoñecemento e valoración das traballadoras e traballadores da sanidade pública; e a garantía de condicións laborais dignas e acordadas á responsabilidade do servizo prestado á cidadanía.

As organizacións sindicais advirten que, de non producirse un cambio inmediato na actitude da Administración, non descartan a adopción de medidas de presión, dado que a situación actual é insostible.

A UXP CONMEMORA O DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS MAIORES BAIXO O LEMA “MAIORES CON DEREITOS”

É esencial establecer medidas para erradicar o edadismo, as brechas de xénero, os estereotipos asociados coa idade ou a violencia cara as persoas maiores

Redacción.- Neste 1 de outubro, Día internacional das persoas maiores, a Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT-Galicia (UXP) denuncia o abandono, discriminación e precariedade que sofren os máis maiores.

Dependencia

Concretamente, denuncia as carencias en materia de dependencia, un sistema que debería garantir unha vida digna e autónoma ás persoas maiores pero que, sen embargo, atravesa unha crise profunda. Ao respecto, a UXP esixe a reactivación inmediata do financiamento público, tanto estatal como da Xunta, con criterios de equidade e suficiencia; a eliminación do chamado “limbo da dependencia” mediante procedementos áxiles, transparentes e universais; e unha revisión profunda do modelo de atención, priorizando os servizos profesionais e o coidado no fogar, os centros comunitarios e a dignificación do traballo dos coidados.

Pensións

As pensións deben ser máis que un ingreso, son un dereito que deben garantir o sustento, a autonomía e a dignidade. A mellora lograda na última reforma, no marco do diálogo social, posibilitou que as pensións mínimas e non contributivas, percibidas maioritariamente por mulleres, contén cunha garantía automática que as sitúa por enriba do umbral da pobreza. Sen embargo, as brechas de xénero acumuladas durante toda a vida laboral persisten. Ante isto, a

UXP de UGT reclama a culminación da aplicación efectiva da garantía de suficiencia acordada na reforma de 2023 e que debe culminar no 2027; un sistema de compensación das desigualdades de xénero; e unha visión interxeneracional da Seguridade Social que asegure a sostibilidade do sistema, contendo e reforzando elementos de equidade, xustiza e redistribución.

Vivenda

En canto á vivenda, a UXP considera que é un dereito que envellece mal e que hai que garantir que as persoas maiores vivan nunha contorna segura. Para o cal, urxe un plan nacional de vivenda que garanta o acceso á vivenda social para as persoas máis vulnerables e vivenda asequible para o conxunto da poboación; políticas que garanan a adaptación da vivenda para a súa accesibilidade; protección legal contra os desafuzamentos; e o desenvolvemento de contornas amigables e accesibles con servizos de proximidade.

Edadismo

Un ano máis, neste 1 de outubro, hai que denunciar que o edadismo segue a ser



unha discriminación que mata. Para loitar contra este xeito de violencia estrutural, urxe un compromiso cunha sociedade interxeneracional, inclusiva e diversa, onde o valor das persoas non dependa da súa idade; tamén é necesario garantir a incorporación activa das persoas maiores nos espazos de participación e decisión pública; e erradicar o edadismo da linguaxe institucional, a publicidade e a atención sanitaria.

Neste contexto xa resulta inaprazable unha Lei de defensa e garantía dos dereitos das persoas maiores que recoñeza a este sector da poboación como titulares de dereitos plenos; estableza mecanismos de defensa xurídica específica ante situacións de maltrato, negligencia ou abuso institucional; que articule unha estratexia integral de envellecemento activo, protección social e atención sanitaria; e que xenere un marco legal para a coordinación territorial e presupostaria sobre coidados.

Nesta data a UXP de UGT-Galicia tamén quere alzar a voz pola paz como dereito e horizonte e contra o xenocidio en Palestina.

UGT ORGANIZA NA CORUÑA E VIGO DÚAS XORNADAS FORMATIVAS

A “Participación xuvenil e sindicato en igualdade” foi analizada na Coruña e en Vigo a xornada desenvolveuse ao redor dos “Plans LGTBI-Guía para a negociación”



A FUNDACIÓN LUÍS TILVE REUNIU A HISTORIADORES, XORNALISTAS E PROTAGONISTAS DA TRANSICIÓN PARA ANALIZAR A “MEMORIA DA DITADURA”

Redacción.- Os días 26 e 27 de setembro, na Facultade de Xeografía e Historia da USC, en colaboración coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo, a Fundación desenvolveu o curso “A Memoria da Ditadura. Análises historiográficas do réxime Franquista”, que contou cunha boa asistencia, tamén de estudantes de historia, o que resultaba fundamental para cumprir o obxectivo de fomentar a difusión dunha historia rigurosa fronte aos bulos e as falsedades históricas e formar a profesores na necesidade de contribuír ó coñecemento veraz. “Cando parecía que a existencia dunha xeración que crecera en democracia era garantía de que non se volvería a pretéritos infames, nos atopamos cunha mocidade que apoia os autoritarismos e á ultradereita cada vez nunha maior porcentaxe. Por elo, este curso, ademais de interesante, é tamén necesario”, en palabras do director do curso e da Fundación, Guillermo Pérez, no acto de inauguración.

Nacionalcatolicismo

O venres 26 abriu o curso o relatorio impartido polo catedrático, Premio Nacional de Ensaio, e vicepresidente do Consello da Cultura Galega, Xosé M. Núñez Seixas, que abordou as características do nacionalcatolicismo e a súa importancia como sostén ideolóxico de masas do réxime franquista, así como a súa contraposición cos nacionalismos rexionais.

Vitimarios ou verdugos

Seguiulle a intervención do catedrático da USC, Lorenzo Fernández Prieto, encargado polo Goberno de coordinar o Censo estatal de vítimas da Guerra Civil e a ditadura, que falou dun tema pouco coñecido, os vitimarios ou verdugos, demostrando con datos que a represión non foi unha acción descontrolada senón ben deseñada e orquestrada, como confirmou o seguinte relator da mañá, o doutor en historia, xornalista e director da UNED en Ourense, Jesús Manuel García Díaz, quen tratou da represión do maxisterio, poñendo de manifesto a organización dun complexo armazón administrativo de depuración de docentes, expoñendo tamén casos concretos de profesores galegos.

Redes de intelixencia

Xa pola tarde, o catedrático da USC,

Emilio Grandío Seoane, coordinador do Proxecto europeo sobre a cultura do fascismo e antifascismo (EUCODE) e da Rede española de Estudos Históricos de Intelixencia (RESHINT), expuxo as conclusións do seu novo traballo “La España espiada. Redes de inteligencia durante la segunda Guerra Mundial”, publicado este mesmo setembro e que supuña a súa presentación en Galicia; ó igual que o libro “La familia Franco, S.A.”, publicado este 4 de setembro polo recoñecido xornalista de investigación de revistas como “Tiempo” ou “El

País”, e doutor en historia, Mariano Sánchez Soler, autor tamén de “Los ricos de Franco”, que mostrou ós asistentes o emporio empresarial e as riquezas que amasou a familia Franco, tanto en propiedades como en fondos, así como todos aqueles empresarios que fixeron negocios co clan do Dictador.

Tribunal da orde pública

A tarde rematou coas intervencións, do historiador e bibliotecario da USC, Francisco Redondo Abal, que disertou sobre a “O Tribunal de Orde Pública (TOP) e o control da liberdade en Galicia”; e do catedrático e exdecano da facultade de Historia da Universidade de Vigo, Julio Prada Rodríguez, que fixo unha amplo repaso polo que foi a represión de xénero en Galicia.

A xornada do sábado 27 comezou coa conferencia maxistral do historiador da Universidade de Grenoble (Francia) Nicolás Sesma, cuxo recente libro “Ni una, ni grande, ni libre”, está sendo un éxito editorial. Sesma, gañador do premio Miguel Artola e que fixo carreira como investigador nas universidades de Florencia, Zaragoza, Madison Wisconsin, ou Columbia, fixo unha pormenorizada análise do réxime franquista, enriquecendo a súa exposición cunha comparativa entre a dita-



dura e os réximes nazi, fascista ou de Vichy. A continuación, a xornalista Montse Fajardo Pérez, departiu sobre O “Patronato de Protección a la Mujer”. Un exemplo da subordinación de xénero baixo o réxime franquista, resultado da súa última investigación, que lle valeu o premio Xohana Torres de ensaio.

A procura da liberdade

O curso pechouse coa mesa redonda “A procura da liberdade baixo o réxime franquista. Unha nova xeración en pos da democracia”, na que participaron Fernando González Laxe, expresidente da Xunta de Galicia; Salvador Fernández Moreda, expresidente da Deputación de A Coruña; José López Orozco, exalcalde de Lugo; e Fernando Salgado García, xornalista e exconselleiro de Economía e Fazenda da Xunta de Galicia, que falaban das súas vivencias no franquismo e nos albores da transición, moderados polo decano da Facultade de Xeografía e Historia, Antonio Míguez Macho, que tamén participou na clausura, agradecendo á Fundación que levara á facultade un curso de tanto nivel, xunto ó director do curso, e a directora da UIMP Galicia María Jesús Lorenzo Modia, que agradeceu á entidade de UGT que enriquecera a programación da Universidade cun tema tan necesario ultimamente como facer Memoria.

NO ACTO PARTICIPARON, ENTRE OUTROS, O DELEGADO DO GOBERNO EN GALICIA, O DIRECTOR DA EDITORIAL, O AUTOR DO LIBRO E OS SECRETARIOS XERAIS DE UGT-GALICIA E DE UGT-FICA-GALICIA

O LIBRO “25 ANOS DE SINDICALISMO EN CITROËN. 1977-2002” FOI PRESENTADO EN SANTIAGO

Redacción.- O salón de actos de UGT-Galicia acolleu este luns o acto de presentación do libro “25 anos de sindicalismo en Citroën. 1977-2002” que correu a cargo do seu autor, Jovito Rivas, quen fora secretario xeral da Sección sindical de UGT en Citroën durante máis de 20 anos; do delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco; e do director da editorial que está ao fronte da publicación “Edicións Ir Indo”, Xelasio Suárez.

Ademais, no acto tamén participaron os secretarios xerais de UGT-Galicia e UGT-FICA-Galicia, Cristóbal Medeiros e Javier Carreiro, respectivamente, e varios membros de ambas Executivas, doutras federacións e da Unión de Compostela-Barbanza.

Evolución sindicalismo en Citroën

Neste libro nárrase a evolución do sindicalismo na factoría de Citroën Vigo, fitos, tensións, logros, dificultades, con especial atención ao movemento obreiro, os dereitos laborais e a identidade dos traballadores e traballadoras.

A publicación está organizada cronoloxicamente e dividida en capítulos que cobren distintos períodos entre 1977-2002. Explícase como se foron asentando os sindicatos na planta, cales foron os seus dirixentes, accións legais, folgas, convenios, procesos de negociación relativos a salarios, xornada.... Tamén se detallan testemuñas e experiencias persoais, moitas delas de primeira man referidas ás vivencias do propio autor.

Fonte de relato contexto social, político e económico

“25 anos de sindicalismo en Citroën. 1977-2002” tamén se converte nunha fonte de relato do contexto social e político dos anos que aglutina, transición, reconversión industrial, cambios económicos, cambios nas políticas laborais ou como discorreu a política local e nacional nos 25 anos que aglutina a narración.



Así, o libro arranca co final do franquismo, coa transición, onde xurde a legalización dos sindicatos e a articulación da voz dos traballadores e traballadoras cando mudan as regras do xogo político.

Reconversión

En canto á reconversión nos anos 80, nárrase como Citroën, como moitas outras fábricas en España, sufriu os efectos da crise, os cambios nos mercados, a necesidade de adaptación, a presión dos custos... e como todo isto impactou de cheo nos traballadores e traballadoras e nas propias negociacións sindicais.

E, como non, o libro tamén ten espazo para contar cal foi o papel da UGT en todo este contexto e do propio autor, Jovito Rivas.

Homenaxe aos traballadores e traballadoras

O autor pretende que este libro se converta nunha homenaxe aos traballadores e traballadoras que co seu esforzo e loita conseguiron que Vigo se identificase con Citroën como parte da súa identidade. Pero, tamén se constitúe nunha crónica crítica porque tamén se describen as tensións, as derrotas, os obstáculos legais, as resistencias da empresa a certos cambios ou as dificultades para manter a solidariedade en determinados momentos entre os traballadores e traballadoras.

Todos os que interviñeron no acto coincidiron en que este libro convértese nunha fonte histórica moi valiosa para entender como evolucionaron as relacións laborais nunha gran empresa automobilística en España nun contexto de cambio político, económico e social.

O autor fai entrega dun exemplar para a biblioteca de UGT-Vigo



PRETO DE 10.000 PROFESIONAIS DO SNS MOBILÍZANSE POR UN ESTATUTO MARCO QUE MELLORE AS SÚAS CONDICIÓN LABORAIS

Redacción.- Ao redor de 10.000 profesionais da Sanidade pública do noso país manifestáronse este mércores, fronte ao Ministerio de Sanidade, para reclamar a Mónica García que non peche “dun portazo” a negociación e busque o acordo que permita aprobar un novo Estatuto Marco que mellore as súas condicións de traballo e a atención que prestan ás persoas.

Convocadas polas organizacións sindicais con representación no ámbito de negociación (SATSE-FSES, FSS-CCOO, UGT, CSIF e CIG-Saúde) e procedentes de todas as autonomías, as traballadoras e os traballadores das distintas categorías profesionais do Sistema Nacional de Saúde (SNS) portaron pancartas e corearon lemas co único obxectivo de lograr un “Estatuto para avanzar” nos seus dereitos laborais.

A manifestación produciuse unha vez que o Ministerio de Sanidade decidiu, de maneira unilateral, precipitar o peche da ne-

gociación que mantén desde fai tres anos cos sindicatos e obcecouse en iniciar xa a tramitación da Lei do Estatuto Marco, cando aínda hai asuntos moi importantes que non contempla como, entre outros, a nova clasificación profesional, coa negociación dunhas novas retribucións básicas acordadas ao nivel de cualificación e responsabilidade que asume cada grupo profesional, unha xornada laboral ordinaria de 35 horas semanais que debe levar aparelladas medidas de mellora das xornadas de garda e a quendas que se realizan para garantir a continuidade asistencial e, por último, a regulación do dereito ao acceso voluntario á xubilación anticipada e parcial.

Do mesmo xeito que xa fixeron nas



concentracións realizadas nos centros sanitarios de todo o país, o pasado 16 de setembro, as e os profesionais da sanidade pública mostraron o seu malestar porque, despois de sufrir durante moitos anos as consecuencias dun Estatuto Marco desfasado e que mostra as súas carencias a diario, agora ven que o novo texto non dá resposta a importantes demandas e necesidades que se expuxeron durante a negociación.

Nova reunión da Comisión negociadora do Convenio estatal de conservas de peixe

Redacción.- A Comisión Negociadora do Convenio colectivo para o sector de conservas, semiconservas e salgaduras de peixe e marisco volveu reunirse este luns para avanzar na consecución dun convenio colectivo que substitúa ao agora vixente.

Ao longo da reunión, a representación sindical presentou as súas respectivas propostas para actualizar a clasificación profesional. Polo que respecta á proposta de UGT FICA, esta persegue como obxectivo principal establecer un sistema baseado nun incremento homoxéneo e equitativo nas táboas salariais de cada unha das agrupacións. Con este novo sistema lograríase, a xuízo de UGT FICA, unha clasificación profesional máis igualitaria e xusta.

Tras as distintas intervencións da parte sindical, a patronal solicitou un intercambio dos documentos presentados a fin de poder analízalos detidamente e abrir unha rolda de reunións que permitan avanzar cara a un consenso na nova clasificación profesional. Finalizada a reunión, as partes acordar fixar a data do 28 de outubro para manter unha nova reunión, na que a parte empresarial presentará a súa proposta de clasificación.

UGT LOGRA QUE O SUPREMO RECOÑEZA COMO TEMPO DE TRABALLO OS CURSOS OBRIGATORIOS DE SASEMAR

Redacción.- O Tribunal Supremo deu a razón a FeSMC-UGT e estableceu que a formación obrigatoria para manter os certificados profesionais da tripulación de SASEMAR (Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima, Salvamento Marítimo) debe computar como tempo de traballo efectivo, incluíndo o tempo de desprazamento aos cursos.

Anulación resolución previa da Audiencia Nacional

A sentenza estima os recursos presentados por UGT e CGT, anulando a resolución previa da Audiencia Nacional que desestimara a demanda.

O conflito xurdiu porque a entidade pública Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (SASEMAR) obrigaba ás traballadoras e traballadores de frota a realizar periodicamente os cursos de revalidación de certificados internacionais de seguridade marítima (Convenio STCW), imprescindibles para embarcarse, pero non os recoñecía como xornada laboral nin compensaba o tempo de desprazamento.

O Supremo considera que se trata dunha formación imposta por cambios nor-

mativos que afectan directamente ao posto de traballo, polo que entra de cheo no dereito á formación do artigo 23 do Estatuto dos Traballadores. En consecuencia, tanto as horas de curso como as empregadas na viaxe ao centro de formación son tempo de traballo efectivo e deben retribuírse como tal.

Gran alcance

Desde FeSMC-UGT celebramos esta sentenza como unha vitoria sindical de gran alcance, que reforza o principio de que ningún traballador ou traballadora debe pagar do seu peto, en tempo ou diñeiro, a formación obrigatoria esixida para poder traballar.

FeSMC-UGT continuará vixiando que SASEMAR cumpra a resolución e para que este criterio se aplique en todos os sectores onde existen cursos de actualización obrigatorios: marítimo-portuario, transporte, emerxencias, seguridade privada ou calquera actividade con requisitos de habilitación periódica.

Con esta sentenza, conseguimos que o esforzo formativo dos cadros de persoal se recoñezan e se respecten como parte do traballo.